

# VIEIROS

Edición xeral

XIX DÍA DE GALIZA EN EUSKAL HERRIA

## "Galegos en Euskadi": lazos históricos que unen aos dous pobos

A exposición, elaborada polo departamento de Migración da Confederación Intersindical Galega, [CIG-Emigración](#), recolle en oito paneis os vencellos e influencias mutuas que caracterizaron as relacións entre Galiza e Euskadi ao longo dos últimos séculos: dende a importante colectividade galega asentada na cidade de Sestao ata a tradución que Joseba Sarrionandia fixo ao eusquera de boa parte da poesía galega de temática mariña.

- 16:09 21/06/2004

Vai para vinte anos que a Irmandade de Centros Galegos de Euskadi, que representa a boa parte dos 80.000 galegos que viven alí, comezara a celebrar o Día de Galiza en Euskal Herria. Nesta edición, o acto máis interesante constitúe esta exposición instalada entre os días 19 e 21 de xuño en Ondarroa.

A idea da montaxe forxárase cando en xaneiro de 2004 CIG-Migración realizou unha importante doazón de documentos históricos do nacionalismo basco no exilio sudamericano á Fundación Sabino Arana.

### Un anaco de Galiza en Euskadi

O primeiro dos paneis reflicte o decorrer cotián da colectividade galega na localidade de Sestao, onde se asentaron moitos dos que marcharan de Galiza para traballar no ferro procurando unha vida máis optimista.

Os seguintes achegan as relacións que estableceron con Euskadi dous dos homes máis importantes para a cultura e a política galegas: Ramón Cabanillas, dende a súa estanza en [Barakaldo](#) e Castela, nunha imaxe inédita con Aguirre e os seus escritos nos que opinou sobre o carácter dos bascos e a súa identidade.

O historiador galego Xosé Estévez e o seu traballo incansábel sobre Galeuzka ocupan o panel número sete e a tradución Poemas Naufragos - Galegoz hedutako poemak, de Joseba Serrionandia, representada co poema de Celso Emilio Ferreiro, "Deitado fronte ao mar" poñen fin a esta exposición que tenta recoller parte dos fluxos históricos que se teñen dado entre as dúas nacións.